

EXPTE.: 2302/500

**MODIFICACIÓN ORDENANZA
REGULADORA**

**DOS PREZOS PÚBLICOS POLA
UTILIZACIÓN DAS
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
MUNICIPAIS (52)**

2017

CONCELLERÍA
DE
DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



Dilixencia:

Asunto: Ordeanza fiscal nº 52
A/Dirección de ingresos

Xunto remítese Ordeanza fiscal nº 52.Reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes.

Vigo, a data da sinatura dixital

O director técnico de deportes

José Ángel Lago Filgueira

O Concelleiro delegado de deportes

José Manuel Fernández Pérez

ASINADO POR: Director Técnico (José Ángel Lago Filgueira) 2016-07-05T12:58:42+02:00 - Concelleiro Deportes (José Manuel Fernández Pérez) 2016-07-05T13:33:21+02:00 -

Documento asinado

VIGO,
terreo de xogo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 08/08/2016 13:09

Páxina 1 de 1

Documento 160092358

Código de verificación: 2EEA3-DDDEA-5EE35-4E523

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Ordenanza N° 52:

Ordenanza Fiscal Reguladora dos Prezos Públicos por utilización das Instalacións Deportivas Municipais, dependentes da Concellería de Deportes”

—Ano 2017—

ASINADO POR: Director Técnico (José Ángel Lago Figueira) 2016-07-08T09:42:52+02:00 - Concellero Deportes (José Manuel Fernández Pérez) 2016-07-08T11:37:40+02:00

Documento asinado



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/08/2016 13:24	Páxina 1 de 10
Documento 160092358	Código de verificación: 28E83-DDD8B-3335D-BC233	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

CAPITULO I.- NATUREZA E FUNDAMENTO:**ARTIGO 1.-**

O Concello de Vigo en base a o establecido no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda establecer con carácter obrigatorio o prezo público polo uso das instalacións deportivas municipais.

ARTIGO 2.-

O feito imponible virá determinado pola utilización das instalacións deportivas municipais.

CAPITULO II.- NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA**ARTIGO 3.-**

A obriga tributaria nace polo feito da entrada ao recinto e disfrute de instalacións deportivas comprendidas dentro do feito imponible.

CAPITULO III.- SUXETO PASIVO**ARTIGO 4.-**

Terán a consideración de suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, grupos, colexios, clubs, federacións, entidades e organismos que previo pagamento da tarifa correspondente, soliciten a entrada para realizar a actividade comprendida dentro do feito imponible.

CAPITULO IV.- BASE IMPONIBLE**ARTIGO 5.-**

A base imponible para determina-lo prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na tarifa correspondente para cada servizo ou actividade.

CAPITULO V.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS**ARTIGO 6.-**

Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos:

a) Os **Colexios Públicos** que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de Educación Física.

b) **Programa Municipal de escolas deportivas:** Estarán exentos do pago do prezo público correspondente ó programa municipal de escolas deportivas:

- Alumnos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita* inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

- Familias numerosas: Alumnos membros de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita* inferiores a 6.155 €.

*Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta os seguintes criterios:

- O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

- Nos casos de vítimas de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

- Nos casos de familias nos que que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

- Para ter acceso á exención/bonificación, deberán axuntar á solicitude os seguintes documentos segundo o caso:

- Solicitude de exención/bonificación e autorización expresa para que o Concello recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

- Discapacidade: Certificado de discapacidade de ser o caso.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/08/2016 13:24

Páxina 2 de 10

Documento 160092358

Código de verificación: 28E83-DDD8B-3335D-BC233

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- Familias numerosas: Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

c) **Outras exencións/Bonificacións:** Estarán exentos de pago dos prezos públicos

- Actividades programadas, de especial interés deportivo e social acreditado, incluídas no calendario semestral de eventos deportivos da Concellería de deportes, previa solicitude do/a interesado/a e conformidade da Concellería de deportes.
- Actividades e programas organizados ou coordinados polo Concello de Vigo.
- Os clubs de fútbol asinantes de convenios de colaboración para a dinamización de proxectos deportivos nos campos de fútbol municipais.
- Outras que, con carácter xeral, se prevexan en disposicións legais ou ditados por Organismos de carácter vinculante.

d) Con carácter xeral, nos casos nos que exista bonificación por **empadramento**, o/a usuario/a solicitante da mesma deberá acreditar dita condición mediante a presentación, no momento do aboamento do prezo público, do volante de empadramento. Esta bonificación manterase mentres se conserve a condición de empadroadado.

CAPITULO VI.- CATEGORIAS

ARTIGO 7.-

Diferéncianse varias categorías: Para as actividades de adestramentos e competicións.

- A) CATEGORIA ESPECIAL: Equipos que participen nas competicións das dúas máximas categorías dentro da súa modalidade deportiva.
- B) CATEGORIA 1º: Maiores de 16 anos
- C) CATEGORIA 2º: Ata 16 anos (inclusive)

CAPITULO VII.- USUARIOS

ARTIGO 8.-CAMBIOS DE INSTALACIÓNS

Se a un usuario ou usuarios se lle cambia de instalación por necesidades de programación da Concellería de Deportes, se lle manterá o prezo da instalación orixinal, aínda que a asignada sexa dun prezo superior.

ARTIGO 9.- ILUMINACION

O custe da iluminación das instalacións atópase incluído no prezo de uso, agás nos usos de tenis, frontón e pádel ós que se aplicará os seus complementos específicos.

ARTIGO 10.- TEMPO LIBRE E OCIO

Consideraranse actividades de tempo libre e ocio, no relativo á aplicación da ordenanzas, aquelas non incluídas no ámbito da competición federada, cuxo desenvolvemento estea relacionado coa ocupación do tempo de ocio sen vinculación cunha competición federada.

ARTIGO 11.- HORAS BAIXAS

Aplicarase o 30% de desconto ós prezos das reservas de instalacións destinadas a adestramentos e actividades programadas entre as 08:00h e as 16:00h en días laborables, para equipos de categoría especial, 1ª e 2ª categoría, e a diversos programas deportivos concertados a través de convenios.

ARTIGO 12.- PROGRAMAS

A duración dos programas, cursos, idades e sesións estarán contempladas nos regulamentos das características técnicas dos mesmos.

ARTIGO 13.-NORMAS DE PROCEDEMENTO

Para a entrada nas instalacións os usuarios deberán proveerse do correspondente recibo de pagamento.

En relación ós procedementos de programación das reserva do uso das instalacións por tempada deportiva, tanto para os adestramentos como para as competicións de tempada, o abono dos prezos públicos poderá axustarse a pagos mensuais, bimensuais, cuatrimestrais, anuais/tempada, de acordo co procedemento establecido.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/08/2016 13:24

Páxina 3 de 10

Documento 160092358

Código de verificación: 28E83-DDD8B-3335D-BC233

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O servizo de deportes poderá reservar en adestramentos programados fraccións de 30 minutos segundo as necesidades de organización deportiva aplicando a parte proporcional do prezo público correspondente.

Os contratos que recollan a reserva de uso de instalacións programadas (tempada e pretempada) tanto para adestramentos como para os partidos, especificarán os prezos públicos de aplicación, así como a forma de pago, e a aplicación dos descontos se procede.

Os bonos de partidos serán individualizados para cada equipo que teña a entidade deportiva.

A normativa de uso das instalacións deportivas municipais determinará os trámites específicos e o procedementos de uso das instalacións.

Os contratos de pretempada, no caso de reservas de tres meses, aplicaráselles os descontos do cuadrimestre.

ARTIGO 14.-RECIBOS E TIKETS DE ENTRADA

Os recibos e as entradas para os usos deportivos, nas súas diversas clases emitiránse a través dun procedemento automático estandarizado, e no seu defecto utilizaránse recibos manuais numerados.

ARTIGO 15.-LIQUIDACIÓNS

O persoal responsable das liquidacións a facer nas propias instalacións deportivas municipais, derivadas do uso das mesmas, realizará o trámite segundo o procedemento automatizado existente.

ARTIGO 16.- TARIFA REDUCIDA.

a.- Os pensionistas encontraránse clasificados no apartado dos "Menores". Naquelas actividades de recreo e ocio nas que non figure dito apartado ou o concepto reducido, aplicarase unha redución do 50% sobre o prezo establecido.

Esta redución aplicarase aos pensionistas como usuarios individuais, non podendo estenderse o beneficio a familiares nin aplicarse colectivamente.

b.- As familias numerosas, con percepcións máximas anuais inferiores a dúas veces o salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, poderán acollerse ao pagamento do prezo de menores ou ter unha redución do 50% naqueles apartados nos que non apareza o concepto menores.

A aplicación desta tarifa reducida será exclusivamente para os membros da familia numerosa a título individual en tanto actúen como usuarios individuais. Esta tarifa reducida non será de aplicación nas actividades dos usos libres das instalacións de tenis, pádel, squash e frontón.

ARTIGO 17.- BONOS e ABONADOS

a) O acceso á instalación dos usuarios de bonos está limitado ó horario contemplado no regulamento de uso das instalacións e coas características dos diversos programas deportivos.

b) Os usuarios dos bonos teñen dereito ós beneficios contemplados no regulamento de uso das instalacións e dos programas deportivos.

c) As características dos programas dos abonados, duración, cursos, idades e sesións, estarán detallados nos regulamentos dos mesmos.

d) Os abonados ás instalacións teñen dereito ós beneficios detallados no regulamento de uso das instalacións e dos programas deportivos.

ARTIGO 18.- PREZOS PUBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS.

En tódalas instalacións.

- | | |
|---------|----------------------|
| - 1 día | 4.215,00 euros + iva |
| - ½ día | 2.360,00 euros + iva |



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/08/2016 13:24

Páxina 4 de 10

Documento 160092358

Código de verificación: 28E83-DDD8B-3335D-BC233

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- Aluguer escenario 21,08 euros m2 + iva

B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día 589,00 euros + iva
- ½ día 338,00 euros + iva

C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

Hora 38,00 euros + iva

ARTIGO 19.- OUTROS PREZOS PÚBLICOS.

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS- COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

a) PAGO DE RESERVA DE TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva. Este pago só se realizará ao comezo da tempada.

a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	210,75 €
1ª Categoría (un só equipo)	84,30 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	126,45 €
2ª Categoría	63,20 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 84,30 €

b) PAGOS DE ADESTRAMENTOS DE TEMPADA OU PRETEMPADA:

Os pagos poderán ser facturados anticipadamente, segundo se recolla no contrato de tempada ou pretempada, segundo algún dos seguintes procedementos:

b.1.- Pago mensual.

b.2.- Pago bimensual: Ós pagos bimensuais aplicarase un desconto do 10% segundo os seguintes prazos.

Bimestre	Pago con 10% de desconto	Prazo pago sen desconto
1º: Out-Nov	De 1 a 10 de outubro	Do 11 de outubro ata 30 de decembro
2º: Dec-Xan	De 1 a 10 de decembro	Do 11 ao 30 de decembro
3º: Feb-Mar	De 1 a 10 de febreiro	Do 11 de febreiro ata 31 de maio
4º: Abr-Mai	De 1 a 10 de abril	Do 11 de abril ata 31 de maio

b.3.- Pago cuadrimestral: Ós pagos cuadrimestrais aplicarase un desconto do 20% segundo os seguintes prazos.

Cuadrimestre	Pago con 20% de desconto	Prazo pago sen desconto
1º: Out-Xan	Do 1 ao 31 de outubro	Do 1 de novembro ata 30 de decembro
2º: Feb-Mai	Do 1 ao 28 de febreiro	Do 1 de marzo ata 31 de maio
Pretempada	Do 1 ao 30 de xuño	Do 1 de xullo ata 30 de setembro

b.4.- Anual/tempada. Ós pagos anuais/tempada aplicarase un desconto do 20% segundo os seguintes prazos.



Pago con 20% de desconto	Prazo pago sen desconto
Do 1 ao 31 de outubro	Do 1 de novembro ata 30 de decembro

Rematados os prazos de pago sen descontos, os importes pendentes de pago pasarán a tramitarse por vía executiva.

c) BONOS DE PARTIDOS EQUIPOS CON CONTRATO TEMPADA.

Poderán solicitar bonos de partidos de tempada as entidades deportivas que teñan vixente “contrato de tempada” ou o tiveran na tempada anterior.

O bono é individual por equipo e emitírase segundo o número de partidos da competición.

Prezos dos Bonos:

Categoría	Prezo*
Categoría especial	63,20 €/partido
1º Categoría	29,45 €/partido
2º Categoría	14,25 €/partido
1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,25 €/partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,12 €/partido

*Aplicarase un desconto do 10% no prezo do bono se o pago se realiza entre o 1 de setembro e o 31 de decembro.

A partir do 1 de xaneiro os importes pendentes de pago pasarán a tramitarse por vía executiva.

d) PAGOS DE PARTIDOS SEN BONO E ADESTRAMENTOS PUNTUAIS.

As entidades deportivas con “contrato vixente de tempada” ou que o tiveran na tempada anterior, poderán realizar o pago dos partidos ou adestramentos puntuais sen ningún desconto nos seguintes prazos.

Datas do partidos e adestramentos	Prazo pago
Entre outubro e decembro	Ata o 31 de decembro
Entre xaneiro e maio	Ata o 31 de maio
Entre xuño e setembro	Ata 30 de setembro


2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS, CAMPUS E OUTROS TORNEOS: (sen tempo límite)

Atínxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Rítmica, Artes marciais.

Instalación	Sen taquilla	Con taquilla
Pavillón Central	50,55 €/hora	84,3 €/hora
Outras Instalacións e campos de fútbol	29,45€/hora	50,55 €/hora

O aluguer do pavillón Central para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

Squash, Tenis, Fronton e Padel		
Catg Esp. e 1ª Cat	10,00	16,50
2ª Categoría	7,80	13,00

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/08/2016 13:24	Páxina 6 de 10
	Documento 160092358	Código de verificación: 28E83-DDD8B-3335D-BC233	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

O aluguer das pistas de squash para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 15% na reserva por pista/hora.

Piscinas Cubertas:

Catg Esp. e 1ª Cat	127,00	150,00
2ª Categoría	86,00	103,00

3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/partido	Con taquilla €/partido
Categoría especial	67,40	160,20

O aluguer do pavillón Central para partidos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

b) OUTRAS INSTALACIÓNS

€/partido

Categoría especial	63,20
1ª Categoría	29,45
2ª Categoría	14,25

€/partido pista compartida

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,25
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,12

4. ADESTRAMENTOS. (entidades federadas)

a) PAVILLÓN CENTRAL

€/hora

Categoría especial e 1ª categoría 12,60

O aluguer do pavillón Central para adestramentos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista enteira	Pista compartida
- Categoría especial e		
- 1ª categoría.	7,95 €/hora	5,85 €/hora
- 2ª Categoría	5,45 €/hora	4,25 €/hora

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

Prezo

1ª Categoría (un equipo)	4,60 €/hora
2ª Categoría (un equipo)	2,55 €/hora

d) Pistas de squash.

Prezo pista

- Categoría especial e 1ª categoría.	5,85 €/hora
- 2ª Categoría	4,25 €/hora

O aluguer das pistas de squash para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por pista/hora.

e) Piscinas Cubertas:

Prezo rúa

Categoría especial e 1ª categoría.	5,85 €/hora
- 2ª Categoría	4,25 €/hora

O aluguer das pistas de squash para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por pista/hora.



ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO AS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	3,10 €
1.2 Menores	2,20 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	28,70 €
2.2. Menores	19,40 €

3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,60 €	41,55 €
b) 4 Xogadores	5,45 €	48,80 €

3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	3,10 €	28,30 €
b) 4 Xogadores	4,60 €	41,55 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e pádel:

	€/hora
Instalacións cubertas	2,15
Instalacións descubertas	1,40

4.- XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dous sesións a semana	16,10 €
--	---------

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións a semana	20,25 €
--	---------

4.3.- Cotas de abonados os Ximnasios.(uso libre). Anual - mensual

4.3.1 Adultos (individual anual ou mensual)	151,75 € - 12,65 €
4.3.2 Menores (individual anual ou mensual)	92,90 € - 7,74 €
4.3.3 Familiar (anual ou mensual)	219,30 € -18,28 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

	Anual - mensual
4.3.4 Adultos (individual anual ou mensual)	126,50 €- 10,54 €
4.3.5 Menores (individual anual ou mensual)	67,40 € - 5,62 €
4.3.6 Familiar (anual ou mensual)	186,00 €- 15,50 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista 2 xogadores (45 minutos)	4,25 €	38,30 €

Cada xogador mais, aboará o prezo de acceso ás instalacións regulado no Artigo 20.1.

6. CAMPOS DE FUTBOL E PAVILLONS (actividades non federadas uso recreativo, tempo libre e ocio)

	Pista enteira €/hora	Pista compartida €/hora
- 1ª Categoría.	28,85	14,45



- 2ª Categoría 14,45 7,80

7.- ABONADO PISCINA:

7.1.- Abono Piscina (individual)

- Cuota Mensual 15,00 €
- Cuota Anual 165,00 €

7.2.- Abono Piscina (individual reducido)

- Cuota Mensual 10,00 €
- Cuota Anual 110,00 €

Aplicarase unha bonificación do 25% sobre os prezos establecidos neste epígrafe 7 aos usuarios que acrediten estar empadroados en Vigo.

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCION DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes 33,00 €
1.2. Menores/mes 21,10 €

Aplicarase unha bonificación do 20% sobre os prezos establecidos no apartado dos cursillos para todos os usuarios abonados as piscinas.

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	Prezo
2.1. Grupo colexios	7,40 €/alumno/mes
2.2. Outros programas	13,60 €/alumno/mes

3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais: 42,20 €/alumno/curso
Activs. medio acuático e escalada (un só prazo): 108,80€/alumno/curso (13,60 € x 8 meses)

ARTIGO 22.- OUTROS CONCEPTOS E USOS:

1. CENTROS DE ENSINO:

Instalacións deportivas 8,55 €/hora
Piscinas cubertas 86,00 €/hora

2. EMPRESAS PRIVADAS OU PERSOAS FÍSICAS:

Instalacións deportivas: salas 16,85 €/hora
Piscinas cubertas (enteira) 200,00 €/hora
Piscina Cuberta (por rúa) 34,00 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNET:

Renovación de carnet 2,00 €

4. SALA DE REUNIÓN:

Sala de reunións: 2,55 €/hora

5. FIANZAS:

5.1. Por uso de chave de vestiario 5,00 €
5.2. Por uso de instalacións 20,00 €
5.3. Por cesión de material 300,00 €

ARTIGO 23.-

Igualmente terán a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes en programas específicos e/ou para unha tempada deportiva, podendo aplicárselle a estes programas os prezos que correspondan dos aprobados nesta ordenanza, ou ben prezos distintos, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que directa ou indirectamente poñan de manifesto a capacidade económico




familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos previstos no artigo 6 b) e e) desta Ordenanza. As contías restantes determinaranse no acto de aprobación do programa segundo os niveis de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do programa.

DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2017, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS BOP:

3 DE MAIO DE 2000
30 DE NOVIEMBRE DE 2001
26 DE DICIEMBRE DE 2002
30 DE DICIEMBRE DE 2003
29 DE NOVIEMBRE DE 2004
7 DE DICIEMBRE DE 2005
30 DE DICIEMBRE DE 2006
10 DE DICIEMBRE DE 2007
10 DE DICIEMBRE DE 2008
11 DE DICIEMBRE DE 2009
14 DE DICIEMBRE DE 2010
22 DE NOVIEMBRE DE 2011
21 DE DICIEMBRE DE 2012
30 DE OCTUBRO DE 2014
25 DE NOVIEMBRE DE 2015

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/08/2016 13:24	Páxina 10 de 10
	Documento 160092358	Código de verificación: 28E83-DDD8B-3335D-BC233	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

-1-

INFORME ECONÓMICO DO CUSTO DO SERVIZO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O ANO 2017

I. INTRODUCCIÓN

De conformidade co artigo 41 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), este Concello establece o prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais.

O importe do prezo público redúcese, respecto da cobertura total do custo, ao amparo do artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Os datos para a confección deste estudo foron extraídos do presuposto do ano 2016, xa que, é o documento que mellor revela os custos de funcionamento dos servizos no presente exercicio.

II. DETERMINACIÓN DO CUSTO TOTAL DO SERVIZO PARA 2017

Utilizando a información contida no proxecto de presuposto para o ano 2016 e outros datos complementarios, calcúlase o custo deste Servizo en base á seguinte estrutura:

A) CUSTOS PRESUPOSTARIOS

- 1.- Custos de persoal**
- 2.- Compras correntes de bens e servizos.**
- 3.- Imputación de custos de centros mediais.**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:17

Páxina 1 de 6

Expediente 2302/500

Código de verificación: 2CE54-5A42D-C3B84-CAC43

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

-2-

A) **CUSTOS PRESUPOSTARIOS:**

1. **Custos de Persoal.**

Compútase, neste apartado, a totalidade das retribucións recibidas polos traballadores (Nómina, pagas extras, etc.) e os custos da Seguridade Social que ten que soporta-lo Concello. No caso en que o persoal non estea integramente dedicado a este servizo, impútaselle só a parte correspondente á súa dedicación atribuída a este servizo.

Segundo información do Departamento de Deportes, o persoal que dedica a súa xornada á xestión das instalacións deportivas municipais é o seguinte:

- 1 Director deportivo
- 1 Director técnico
- 1 Coordinador deportivo
- 1 Adxunto coordinador
- 1 Técnico deportes
- 1 Programador informática
- 1 Xefe oficina administración
- 5 administrativos
- 2 auxiliares administrativos
- 1 limpiadora
- 1 Xefe unidade de mantemento e taller
- 1 Xefe mantemento instalacións
- 18 oficiais instalacións
- 12 oficiais mantemento
- 25 axudantes mantemento
- 3 conserxes responsables instalacións

Total 1 Custos persoal para o ano 2017..... 2.694.548,73€

2. **Compras correntes de Bens e Inmobles.**

No Presuposto do exercicio 2016 figuran as seguintes previsións:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE 2016</u>
3420.2030000	Maquinaria e Ferramenta	6.000,00€
3420.2040000	Material Transporte	1.000,00€
3420.2080000	Outro Material	5.000,00€
3420.2100001	Mantemento Campos de Futbol	39.000,00€
3420.2100003	Mantemento Instalacións Deportivas	66.782,00€
3420.2120000	Edificios e outras construcións	236.000,00€
3420.2130000	Maquinaria	45.000,00€





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

3420.214000	Material Transporte	6.000,00€
3420.215000	Mobiliario	1.500,00€
3420.216000	Equipos Informáticos	1.500,00€
3420.219000	Outro Inmobilizado Material	10.000,00€
3420.220000	Material de Oficina non Inventariable	9.000,00€
3420.2200100	Prensa Revistas e Libros	645,32€
3420.2200200	Material Informático non Inventariable	1.800,00€
3420.2210000	Energía Eléctrica	662.865,18€
3420.2210200	Gas	380.000,00€
3420.2210300	Combustibles	90.000,00€
3420.2210400	Vestuario Persoal	26.000,00€
3420.2210600	Produtos Farmacéuticos	450,00€
3420.2211000	Produtos Limpeza	3.500,00€
3420.2211100	Maquinaria e Transporte	1.000,00€
3420.2211200	Material Electrónico	1.000,00€
3420.2219900	Outro Material	10.000,00€
3420.2220100	Postais	350,00€
3420.2230000	Transporte	1.500,00€
3420.2240000	Seguros Vehículos	12.000,00€
3420.2250000	Tributos	900,00€
3420.2260100	Atencións Protocolarias	1.00,00€
3420.2260200	Publicidade e Propaganda	2.200,00€
3420.2260300	Publicacións Diarios Oficiais	3.000,00€
3420.2260400	Gastos Xurídicos	1.800,00€
3420.2260600	Reunións e Conferencias	1.000,00€
3420.2260700	Oposicións e Probas Selectivas	3.000,00€
3420.2260900	Actividades Diversas	3.000,00€
3420.2260901	Escolas Deportivas	300.000,00€
3420.2269900	Outros Gastos Diversos	3.000,00€
3420.2269902	Indemnizacións Sentencias Xudiciais	1.000,00€
3420.2270000	Limpeza	355.000,00€
3420.2270001	Outros Servizos de Limpeza	10.000,00€
3420.2270100	Seguridade	12.000,00€
3420.2279900	Mantemento de Caldeiras	10.000,00€
3420.2278801	Mantemento das Pistas de Atletismo	18.000,00€
3420.2279902	Servizos Piscina Travesas	856.000,00€
3420.2279903	Servizos Piscina Lavadores	483.000,00€
3420.2279904	Monitores Ximnasio Berbes	95.000,00€
3420.2279905	Monitores Ximnasio Carne	105.000,00€
3420.2279906	Servizos Piscina Teis	585.000,00€
3420.2279907	Mantemento Equipos e Aplicacións Informa	14.735,84€
3420.2279908	Monitores Piscina Travesas	300.000,00€
3420.2279909	Monitores Piscina Lavadores	195.000,00€
3420.2279910	Monitores Piscina Teis	160.000,00€
3420.2279911	Servizos Piscina Valadares	393.000,00€
3420.2279912	Plan de Emerxencia e Vixilancia de Saude	8.000,00€
3420.2279913	Monitores Piscina Lavadores	87.000,00€





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

3420.2279914	Ascensores	12.000,00€
3420.2300000	Axudas de Custo Cargos Electivos	1.000,00€
3420.2302000	Axudas de Custo do Persoal	2.000,00€
3420.2310000	Gastos Locomoción	3.000,00€
3420.2330000	Outras Indemnizacións-Asesores Consello	1.500,00€

TOTAL 5.644.028,78€

TOTAL 2 COMPRA DE BENS E SERVIZOS 2017 5.644.028,78€

3. Imputación de custos de centros mediais

Compútase neste apartado a porcentaxe do 1% dos custos dos principais servizos Xerais do Concello que, de forma indirecta, inciden neste servizo.

RESUME ESTIMACION CUSTOS CENTROS MEDIAIS PARA O EXERCICIO 2017

<u>CENTRO DE CUSTO</u>	<u>IMPORTE</u>
- SECRETARÍA XERAL	476.417,44 €
- CONSERXERÍA	912.019,26 €
- ASESORÍA XURÍDICA	583.283,82 €
- ARQUIVO XERAL	425.366,45 €
- REXISTRO XERAL	316.568,27 €
- PERSOAL	1.161.058,95 €
- ESTATÍSTICA	511.466,00 €
- ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	1.719.177,24 €
- ATENCIÓN CIDADÁ	701.542,09 €
- INTERVENCIÓN XERAL E CONTABILIDADE	1.187.111,61 €
- PATRIMONIO E CONTRATACIÓN	1.392.266,50 €
- TESOURERÍA-RECADACIÓN	4.569.063,69 €
- XESTIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA	2.684.076,99 €
- TRIBUNAL ECONÓMICO	292.393,59 €
- ÓRGANOS DE GOBERNO	4.669.312,49 €
<u>TOTAL CUSTO CENTROS MEDIAIS</u>	<u>21.601.124,39 €</u>

1 % s/ **21.601.124,39 €** = **216.011,24 euros**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2016 14:17	Páxina 4 de 6
Expediente 2302/500	Código de verificación: 2CE54-5A42D-C3B84-CAC43	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

-5-

**RESUMO DE CUSTOS DO SERVIZO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O ANO 2017**

A) CUSTOS PRESUPOSTARIOS	8.554.588,75 €
1. CUSTOS DE PERSOAL	2.694.548,73 €
2. COMPRAS BENS E SERVIZOS	5.644.028,78 €
3..IMPUTACION CUSTOS C. MEDIAIS	216.011,24 €

TOTAL CUSTO 2017 = 8.554.588,75 €

Asinan Dixitalmente,
A Adxunta á Directora de Ingresos

CONFORME,
A Directora de Ingresos





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

IV.DETERMINACION DAS TARIFFAS PARA O ANO 2017

Segundo o artigo 44.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), o importe dos prezos públicos por prestación de servizos ou realización de actividades, deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado.

Segundo o artigo 44.2 do mesmo texto legal “cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos por debaixo dos límites previstos...”, o que en principio supón que non existe impedimento legal para a non cobertura do custo total do servizo. “ Nestes casos deberán consignarse nos Presupostos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza se a houbese.

Coas tarifas propostas a estimación de **ingresos** por este prezo público para o ano 2016 ascende a **2.393.041,58 €**.

Segundo este informe o **custo** previsible ascende a **8.554.588,75 €**

O importe do servizo non cuberto polas tarifas, a efectos do disposto no artigo 44.2 antes transcrito é de **6.161.547,17 €**.

Asinan Dixitalmente,
A Adxunta á Directora de Ingresos

CONFORME,
A Directora de Ingresos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:17

Páxina 6 de 6

Expediente 2302/500

Código de verificación: 2CE54-5A42D-C3B84-CAC43

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ORDENANZA Nº 52:

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES AO “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES”. 2016

CAPITULO I.- NATUREZA E FUNDAMENTO:

ARTIGO 1.-

O Concello de Vigo en base a o establecido no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda establecer con carácter obrigatorio o prezo público polo uso das Instalacións Municipais dependentes do INSTITUTO MUNICIPAL DO DEPORTE, ou calquera outra que no futuro poida incorporarse por desexo expreso da Corporación.

ARTIGO 2.-

O feito impositivo virá determinado pola utilización das instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos deportes.

CAPITULO II.- NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA

ARTIGO 3.-

A obriga tributaria nace polo feito da entrada a o recinto e disfrute e instalacións deportivas comprendidas dentro do feito impositivo.

CAPITULO III.- SUXEITO PASIVO

ARTIGO 4.-

Terán a consideración de suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, grupos, colexios, clubs, federacións, entidades e organismos que previo pagamento da tarifa correspondente, soliciten a entrada para realizar a actividade comprendida dentro do feito impositivo.

ORDENANZA Nº 52:

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. 2017

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO:

O Concello de Vigo en base a o establecido no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ten establecido o prezo público polo uso das instalacións deportivas municipais.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

O obxecto dos prezos públicos establecidos na presente ordenanza está constituído pola utilización das instalacións deportivas municipais. A relación das mesmas está a disposición dos usuarios na páxina Web do Concello en: <http://hoxe.vigo.org/instalacionsdeportivas>.

ARTIGO 3.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagamento nace polo feito da entrada nos recintos e disfrute das instalacións deportivas comprendidas nesta ordenanza.

ARTIGO 4.- OBRIGADO AO PAGAMENTO

Resultan obrigados ao pagamento destes prezos públicos, as persoas físicas, grupos, colexios, clubs, federacións, entidades e organismos que soliciten a entrada e/ou disfrute das instalacións comprendidas nesta ordenanza.



CAPITULO IV.- BASE IMPOÑIBLE

ARTIGO 5.-

A base imponible para determina-lo prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na tarifa correspondente para cada servizo ou actividade.

CAPITULO V.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

ARTIGO 6.-

Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos:

a) Os Colexios Públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas o I.M.D. para a realización das actividades docentes de Educación Física coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do I.M.D. Condicionada a ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración.

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.155 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

b.2 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada

ARTIGO 5.- REDUCIÓNS NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIONS E BONIFICACIONES)

A) Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza:

A.1 Os **Colexios Públicos** que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de Educación Física.

A.2 Os usuarios participantes no **Programa Municipal de escolas deportivas** conforme ao que segue:

A.2.1 Os alumnos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

A.2.2 Os alumnos membros de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.155 €.

- Os Ingresos Brutos anuais per cápita_a que se refiren os apartados 5.2.1 e 5.2.2 anteriores calcularanse dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.



mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

b.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

b.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas e aportar certificado de discapacidade se é o caso.

c) As actividades ou programas organizados polo propio I.M.D. e pola Concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (persoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do I.M.D. Condicionada a ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración.

d) Os Clubs de fútbol, asinantes de convenios para o desenvolvemento dun programa de colaboración e utilización dos campos de fútbol municipais, quedarán exentos do pago do prezo público, coa aprobación expresa do Presidente do Consello de Administración e ratificado de forma definitiva polo Consello de Administración do IMD.

- No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

- No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

- No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

- Para o disfrute das exencións reguladas neste apartado 5.2, os usuarios deberán achegar coa súa solicitude os seguintes documentos, segundo o caso:

1. Autorización expresa para que o Concello recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas e aportar certificado de discapacidade se é o caso.
2. Certificado de discapacidade, no seu caso.
3. Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

A.3 Os usuarios participantes en actividades programadas de especial interese deportivo e/ou social acreditado, incluídas no calendario semestral de **eventos deportivos da Concellería de Deportes**, previa solicitude do o/a interesado/a e conformidade da Concellería de Deportes.

A.4 Os usuarios de actividades e programas organizados ou coordinarios polo Concello de Vigo.

A.5 Os clubs de fútbol asinantes de convenios de colaboración para a dinamización de proxectos deportivos nos campos de fútbol municipais.



f) Amais dos supostos anteriores, os que con carácter xeral se prevean en disposicións legais, ou ditados por Organismos de carácter vinculante.

g) Nos casos nos que exista bonificación por empadramento, o usuario deberá acreditar dita condición mediante a presentación do volante de empadramento no momento do aboamento do prezo público establecido. Esta bonificación aplicarase mentres se manteña a condición de empadroadado.

A.6 Os usuarios e/ou organizadores de **actividades e programas** previstos, con carácter xeral **por disposicións legais ou ditados por Organismos de carácter vinculante**.

B) Disfrute de **tarifa reducida nas actividades deportivas de recreo, tempo libre e ocio**

B.1 Os pensionistas con ingresos brutos anuais inferiores a dúas veces o IPREM disfrutarán da tarifa reducida correspondente a "MENORES". Nas actividades nas que non figure o concepto "MENORES" aplicarase unha redución do 50% sobre o prezo establecido.

O disfrute desta redución é exclusivamente a título individual, aplicándose ao pensionista como usuario individual.

